



bloque nacionalista galego

hai alternativa !



Unha saída xusta á **CRISE
é posíbel.**

**Non ao tesoirazo de Zapatero
Non ás políticas neoliberais de PP e PSOE**

Unha crise de modelo económico e social

Estamos ante a crise dun modelo económico e social que se coñece como neoliberalismo. Un modelo que durante todos estes anos foi progresivamente avanzando no Estado español, contando co apoio dos sucesivos Gobernos do PP e do PSOE. A actual Unión Europea responde a ese modelo que hoxe está en crise: a economía ao servizo da banca e das grandes empresas e lonxe do control dos pobos. O nacionalismo galego sempre cuestionou este deseño de Unión Europea. A crise prodúcese polo estoupido dunha burbulla especulativa no sistema financeiro, produto da súa actuación sen control. A banca privada foi rescatada polos poderes públicos. No Estado español, e cos votos favorábeis de PP e PSOE, puxéronse 30.000 millóns de euros a disposición dos bancos, nun plano de rescate masivo sen precedentes.

Está en xogo a propia democracia. Deciden o noso futuro os poderes económicos que non se presentan ás eleccións. A democracia, o poder do pobo, ten que estar por riba do poder dos mercados.

O Estado rescatou a banca privada, pero os banqueiros continúan actuando igual, especulando sen control

O Estado español rescatou a banca privada pero non lle pediu nada a cambio, unha banca que obtivo uns beneficios no primeiro cuadrimestre de 2010 duns 12.000 millóns de euros mentres sigue sen facilitar o creto ás pemes e ás familias. Despois de ser reflotada permíteselle que continúen a funcionar como antes da crise e que sigan ditando as regras do xogo.

Quén é responsábel do déficit?

O déficit público no Estado non é consecuencia do gasto social, menor que o do promedio dos Estados máis desenvolvidos da UE, senón da aplicación das políticas neoliberais, dun modelo produtivo errado e dos regalos fiscais ás clases privilexiadas.

Os estados europeos máis afectados pola crise son precisamente os que teñen un gasto público e social menor. Non afecta tanto a crise a aqueles que teñen un modelo produtivo asentado nunha importante base industrial e agraria.

A política de dereita no plano fiscal –eliminación do Imposto de Patrimonio, rebaixa do tipo máximo do IRPF, combinada coa inxusta suba do IVE- reduce os ingresos do Estado e acábao colocando en mans dos banqueiros privados internacionais.

Os recortes de Zapatero

O Tesoirazo de Zapatero –a redución dos salarios dos funcionarios, a conxelación das pensións, a eliminación de dereitos dos dependentes, o recorte no investimento en infraestruturas- ten como obxectivo que o Estado aforre no gasto social para satisfacer a uns mercados financeiros internacionais especulativos e descontrolados.

A culpa da crise non a teñen uns salarios e unhas pensións altas, que están na cola da Unión Europea. A solución, polo tanto, tampouco é a reforma do mercado laboral e a conxelación das pensións. Os que provocaron a crise volven agora a acumular beneficios. Os que non a provocaron, non se beneficiaron dos anos de bonanza e agora enriba teñen que pagar a factura.

O axuste será especialmente brutal para Galiza

Estas medidas de axuste brutal non só son antisociais, senón ademais antieconómicas, porque deprimirán aínda máis o consumo, ao presionar á baixa os salarios cando as empresas imiten a redución aos funcionarios. Estes recortes van ser negativos para a recuperación económica.

Son medidas letais para Galiza, porque no noso País temos salarios e pensións máis baixas e polo atraso histórico nas nosas infraestruturas (case 20 anos despois da inauguración do AVE Madrid-Sevilla o Estado español continúa sen ter rematado nin sequera o Eixo Atlántico e a conexión coa Meseta).

E provocarase máis paro, o problema social máis grave. Galiza foi a comunidade autónoma onde máis se incrementou o paro no primeiro trimestre de 2010. Frente a isto a Xunta de Galiza presidida por Feixóo predica a mesma austeridade neoliberal que Zapatero, e non adopta ningunha medida económica fronte á crise.



Hai alternativa

Mais non podemos nin resignarnos nin entregarnos á desesperanza. Si hai alternativa. É posíbel unha saída xusta á crise. O BNG defende:

- Optar pola economía produtiva (industria, agricultura...) fronte á especulativa, o que esixe defender fronte á UE un cambio na relación política e no modelo económico que se fundamente no beneficio de todos.
- Cambiar o modelo produtivo e incrementar o autogoberno de Galiza, apostando por unha economía asentada nunha forte base industrial, agraria e pesqueira.
- Reforma fiscal para gravar as grandes fortunas e as rendas máis elevadas. Elevar a gravame ás sociedades de inversión colectiva (SICAV), privilexiadas fronte ás demais empresas nos seus impostos. Combater a fraude fiscal, que no Estado Español representa o 25% do PIB.
- Garantir os servizos públicos e sociais e o poder adquisitivo para combater os efectos da crise na sociedade e favorecer a recuperación económica.
- Mudar o sistema financeiro, con regras transparentes e ao servizo da sociedade, e control do movemento de capitais. É preciso tamén impulsar desde os poderes públicos iniciativas financeiras e de creto públicas.
- Colocar a Caixa de Aforros resultante da fusión, ao servizo da economía e a sociedade galega.
- Racionalizar o gasto público reducindo a administración periférica do Estado (eliminación das Deputacións) e o gasto militar (retirada das tropas de Afganistán).

Construír a esperanza é traballar por políticas nacionalistas e progresistas, a favor da maioría social, fronte ao proxecto neoliberal que defenden o PP e o PSOE.

